

ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO CONTO O GORRIÓN VALENTINO

Contidos que podes traballar con estas actividades

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: Bloque 1.

Área **Linguaxes. Comunicación e representación**: Bloques 1 e 3.

AS ÁRBORES E OS BOSQUES

Necesitaremos

Fotocopias do modelo da árbore do anexo.

Consideracións previas

Previamente, necesitaremos buscar imaxes de bosques, piñeirais e acivros que podamos mostrar á clase e que lles axuden a visualizar o contexto no que se desenvolve o conto.

Ao falar dos beneficios dos bosques, pódense citar, entre outros:

- Nos bosques atopamos gran biodiversidade, moitas plantas e animais diferentes que viven nel.
- Os bosques axudan a controlar o ciclo da auga, liberando gran cantidade dela en forma de humidade e nubes.
- As árbores axudan a manter o chan onde están plantados coas súas raíces.
- Moitos medicamentos que tomamos proceden das plantas que crecen nos bosques.
- Como normas importantes nos bosques estarían, por exemplo:
- Respectar aos animais e ás plantas que viven nel; non molestalos, non arrincar ningunha planta ou flor.
- Non deixar restos da nosa comida, recoller sempre o lixo.
- Nunca facer lume.

Desenvolvemento

1ª fase

- O protagonista do conto, que se chama Valentino, vive nun bosque. O primeiro que hai que facer é coñecer esta contorna. Pode facerse a través de preguntas como estas:
 - Que é un bosque?
 - Que nomes de árbores coñeces?
 - Como son? Repasar o que lembran de cada un deles.
 - Por que son importantes os bosques?
- Axudándonos do material gráfico, contarlles que Valentino vive nun piñeiral, que é un bosque de piñeiros e que se alimenta do froito do acivro.
 - Estivestes algunha vez nun piñeiral?, Coñecíades o acivro?
 - Que animais coñeces que vivan nos bosques?


- Lembrar as normas que temos que seguir cando imos a un bosque e facer con elas unha lista:
 - Pedirlles que expresen as que saiban.
 - Adoitades ser respectuosos/as na natureza?, tedes, por exemplo, costume de matar os insectos que vos parecen feos?

2ª Fase

- Repartir os modelos das árbores. Cada un/unha coloreará e adornará a súa árbore como queira.
- Pedir aos nenos/as que xunten todas as árbores para formar un bosque, pegalos nun lugar visible da aula e repasar todo o que os bosques nos achegan.

3ª Fase: Un paseo polo bosque

- Unha vez que teñamos montado o noso bosque, realizaremos un paseo imaxinario polo bosque.
 - Pedirlles que pechen os ollos e imaxinen que entramos nun camiño nun bosque, e que, a cada lado, hai árbores moi altas, cada un que pense na árbore que máis lle guste.
 - Lembrar entre todos/as as normas que debemos ter no bosque.
 - Continuamos avanzando polo noso camiño e, de súpeto, atopámonos cuns lixos: unha botella, unha lata de refresco, un papel de aluminio. Que facemos?
 - Un animal que está no medio e non nos deixa pasar que animal é? Cal é a nosa reacción? O animal asústase e márchase correndo.
 - Ao final do camiño chegamos a un río, a auga está limpa que temos que facer para manter limpo o río?
 - Á beira hai persoas que queren facer unha grellada. Convidánnos a comer, que lles dicimos?
 - Sentámonos na beira e sacamos os nosos bocadillos, que temos que facer co lixo cando terminemos para comer?
 - Facer un recordatorio de todo o que aprendemos con este paseo, sobre o respecto aos bosques e aos animais e plantas que viven neles.




PRESENTAMOS A VALENTINO

Necesitaremos

Fotocopias do modelo do gorrión Valentino do anexo.

Desenvolvemento

- Lembrar o que adiantamos sobre o conto: o protagonista chámase Valentino, vive nun piñeiral e aliméntase dos froitos do acivro que son unhas boliñas de cor vermella.
- Animar aos nenos/as a poñer en marcha a súa imaxinación a través de preguntas como estas:
 - Que animal creedes que é Valentino?, como vos imaxinades que é?
- A continuación, presentar a Valentino utilizando o modelo adxunto do anexo.
 - Agora que vedes a Valentino, que vos parece? Esperabádesvos que fose un paxaro? Preferídeses outro animal?
- Repartir a cada neno/a unha fotocopia do persoal de Valentino. Cada un/unha coloreará e recortará o seu modelo como desexe. Pegar todas nas árbores do bosque creadas na fase anterior.



FICHA LECTURA O GORRIÓN VALENTINO

Necesitaremos

Conto e ilustracións de *O gorrión Valentino* ([ligazón](#)).

Desenvolvemento

- Antes de ler o conto, repasar o traballado acerca dos bosques e como é un acivro e os seus froitos.
- Ler o conto "O gorrión Valentino" aclarando as dúbidas que poidan quedar sobre o seu contido.
- Ao finalizar a lectura do conto, establecer un diálogo cos nenos e nenas a través de preguntas como estas:
 - Onde vive Valentino? De que se alimenta?
 - Por que Valentino e a súa familia quedan sen comida?
 - Que fixeron mal no pobo?
 - Como axuda Manuela a Valentino?
 - Como axuda Ángela a Valentino e ao resto de paxaros do bosque?, Dádevos conta de que unha nena é capaz de iniciar o cambio das cousas no pobo?
 - Que tivera pasado se no pobo non se tiveran decatado do dano que fixeron?
 - É importante que nos digan o que facemos mal, para evitar facer dano aos demais.
- Facer un repaso da historia para asegurarnos que se comprendeu.
- A continuación, cada un/unha debe debuxar o que máis lle gustou ou aprendeu co conto e, en Asemblea, cada un irá explicando o seu debuxo.
- Colgar na clase os debuxos.

O GORRIÓN VALENTINO

Valentino é un gorrión que vive nun bonito piñeiral.

Cada día, cando se levanta, percorre cada recuncho buscando o seu alimento. A súa comida principal son os froitos dun arbusto que se chama acivro, son unhas boliñas moi brillantes de cor vermella.

Este inverno vai ser duro para Valentino, porque a súa mamá rompeu un á e el terá que encargarse de alimentar á súa familia.

Pero esa mañá cando saíu a buscar a comida, nin rastro das boliñas vermellas! Moi preocupado volveu ao seu niño.

—Mamá, non hai ningún froito en todo o bosque. Vou ver á formiga Manuela, seguro que ela sabe o que ocorreu.

—Isto chéirame moi mal —dixo Manuela—. O mellor será que vaíamos pescudalo.

Manuela subiuse encima de Valentino e xuntos dirixíronse ao pobo. Como cada ano en Nadal, colocaran luceciñas de cores nas rúas e un gran piñeiro adornando o centro da praza. Pero algo horrible chamou a súa atención!

Todas as casas da praza tiñan colgadas nas súas xanelas e portas ramalletes de acivro! A comida de moitas aves do bosque estaba aí! A quen se lle ocorreu facer algo así?

—Isto non pode ser!, no pobo deben decatarse do dano que causaron.

De volta no bosque, Manuela e Valentino contaron a todos os animais o que descubriran.

—Xa sei o que faremos —dixo Manuela—, debes contarllo todo a Ángela. Ela é unha nena que quere moito aos animais. Encargarase de dicirlle a todos no pobo o que sucedeu.

—Pero eu son un gorrión Manuela, non podo falar cos nenos, non entenden o noso idioma.

—Tranquilo Valentino, hai unha maneira de facelo e é meténdote nos seus soños.

—Nos seus soños?

—Si. Esta noite entrarás na súa habitación pola xaneliña que hai no faiado da súa casa, chegarás ata a súa cama e contaraslle ao oído todo o que pasou.

Así o fixo Valentino e á mañá seguinte Ángela espertouse, baixou correndo as escaleiras e entrou na cociña nerviosa:

—Teño que dicirche algo mamá! Algo moi feo que fixemos.

Cando Ángela rematou de falar coa súa mamá as dúas saíron a buscar ao alcalde para contarlle a noticia.

—De verdade deixamos sen comida a moitas aves do piñeiral?, e que podemos facer? —dixo o alcalde.

—Este inverno xa é demasiado tarde, pero a próxima primavera plantaremos acivro no bosque —dixo a mamá de Ángela—, aprendemos que debemos pensar, antes de facer as cousas, se podemos danar aos demais.

A formiga Manuela axudou a Valentino e a súa familia para pasar o inverno, grazas á comida que gardara e todos no pobo aprenderon a ser responsables e a respectar a natureza.